

AGRA ROMERO, María Xosé. (Compostela, 1956). Formou parte da primeira promoción de licenciatura en Filosofía da Universidade de Santiago (1980). Catro anos despois doutorouse en Filosofía cunha tese sobre a teoría ética de J. Rawls. Ese mesmo ano recibe o premio extraordinario de doutoramento da Facultade de Filosofía e Ciencias da Educación da Universidade de Compostela. Imparte docencia nesa mesma Facultade desde 1979, na que actualmente é profesora titular do departamento de Lóxica e Filosofía Moral.

As súas investigacións están orientadas fundamentalmente en torno a dúas liñas. Primeiro, traballou xa desde a súa tese de licenciatura en temas de filosofía moral e política e en concreto no tema da Xustiza, non en ván é unha gran coñecedora da obra de John Rawls. En segundo lugar, especializouse en teoría crítica feminista desde a perspectiva da filosofía política e moral. É coordinadora de varios grupos de traballo consolidados mediante diferentes proxectos de investigación subvencionados pola Xunta de Galicia e o MEC. Algúns destes proxectos tomaron forma de publicación como *Corpo de Muller. Discurso, Poder, Cultura* (Compostela, 1997) e *En torno a la Justicia* (A Coruña, 1999).

Dentro da liña sobre Rawls e a Xustiza sobresaen as seguintes publicacións: *J. Rawls: el sentido de justicia en una sociedad democrática* (Santiago, 1985); “Ética neocontractualista”, en *Enciclopedia Iberoamericana de Filosofía, vol. II, Concepciones de la ética* (Madrid, 1992); “G.J. Warnock e a Filosofía moral contem-

poránea”, en *Ágora. Papeles de Filosofía* (1981); “Sobre la Ética Aplicada”, en *Ágora. Papeles de Filosofía* (1982); “¿Es la versión castellana de A Theory of Justice de J. Rawls una versión modificada?”, en *Teorema* (1983); “J. Rawls: el análisis del concepto de Justicia”, en *Ágora. Papeles de Filosofía* (1983); “Consideraciones sobre la metodología de J. Rawls”, en *Ágora. Papeles de Filosofía* (1986); “Fraternidad (Un concepto político a debate)”, en *Revista Internacional de Filosofía* (1994); “Justicia, conflicto doctrinal y estabilidad social en el liberalismo político de J. Rawls”, en *Revista Agustiniana* (1996); “Una concepción clásica de la justicia social y política”, en *Daimon* (1997).

En canto a súa investigación en teoría crítica feminista poden sinalarse: “Legitimidad y necesidad del disenso feminista”, en *Convicciones políticas y reponsabilidades éticas* (Barcelona, 1990); “Las mujeres en la teoría y en la ciudad”, en *Teoría feminista: identidad, género y política* (San Sebastián, 1993); “La justicia como equidad: Neocontractualismo y crítica desde el género-sexo”, en *La Filosofía contemporánea desde una perspectiva no androcéntrica* (Madrid, 1993); “El alcance de la justicia y las complejas desigualdades de género”, en *Género y ciudadanía. Revisiones desde el ámbito privado* (Madrid, 1999); “Multiculturalismo, justicia y género”, en *Feminismo y Filosofía* (Madrid, no prelo); “El emblema de lo privado. Notas sobre Filosofía Política y crítica feminista”, en *Isegoría* (1992); “Justicia y Género: Algunas cuestiones relevantes en torno a la teoría de la justicia de J. Rawls”, en *Anales*

8 - AGRA

de la Cátedra Francisco Suárez (1994); "Justicia y Política feminista", en *Mujeres* (1995); "Feminismo y Justicia: en torno a los derechos humanos", en *Repensar os Direitos Humanos. No 50 aniversário da Declaração Universal dos Direitos Humanos* (Braga, no prelo). Tamén cómpre salientar o seu labor como traductora e compiladora de especiais contribucións ó pensamento feminista sobre *El contrato sexual* (Anthropos, 1995) e *Ecología y Feminismo* (Granada, 1997).

Membro fundador da Sociedade Iberoamericana de Filosofía Política (México), impartiu numerosos cursos e conferencias en diferentes foros académicos e non académicos de ámbito estatal e internacional, o que non lle impediu o seu compromiso co pensamento elaborado desde Galicia e sobre Galicia. Así mesmo pertence como membro fundador á Área de Pensamento no Seminario de Estudos Galegos, colabora coa Aula Castelao de Filosofía e participou como relatora en distintas ocasións na Semana Galega de Filosofía que anualmente organiza esta entidade. Finalmente, engadir o seu compromiso coas publicacións periódicas do país, nas que verte a súa formación filosófica antes reseñada, como "Feminismo e política" (*A Trabe de Ouro. Publicación galega de Pensamento crítico*, 1990); "Pensamos ¿logo existimos? Aportacións e debates na(s) Teoría(s) feminista(s)" (*Andaina. Revista Galega de pensamento feminista*, 1994); "Familia, amor, xustiza" (*Festa da Palabra Silenciada*, 1994); "O pensamento afundiú a súa cana no río. Sobre Orlando de V. Woolf" (*Ólisbos, os amantes da palabra*, 1996); "As mulleres e a ilustración" (*Sonos e soños da Razón. A Ilustración nas coleccións da Biblioteca Universitaria de Santiago de Compostela*, 1997); "¿Que é unha muller? A persistente relevancia de 'O segundo sexo'" (*Andaina. Revista galega de pensamento feminista*, 1999). [C.A.-V.]